

IDADE CONTEMPORÁNEA



- 1** Xosé Bonaparte foi...
a. rei de Francia. b. rei de España. c. presidente da UE.
- 2** O comezo da guerra da Independencia produciuse cando...
a. o pobo de Madrid se levantou contra as tropas francesas.
b. se aprobou a Constitución de Cádiz.
c. se independizou Arxentina.
- 3** A Pepa era...
a. a Constitución aprobada en Cádiz en 1812.
b. a revolución popular que acabou co reinado de Isabel II en 1868.
c. a alternancia no Goberno do partido conservador e o partido liberal.
- 4** Na primeira guerra carlista enfrontáronse...
a. Cánovas del Castillo e Sagasta. b. isabelinos e carlistas. c. franceses e españois.
- 5** Amadeo de Savoia sucedeu a...
a. Afonso XII. b. Fernando VII. c. Isabel II.
- 6** Na Restauración reinou...
a. Fernando VII. b. Cánovas del Castillo. c. Afonso XII.
- 7** A Revolución Industrial...
a. tivo a súa orixe en Gran Bretaña a finais do século XVIII.
b. tivo a súa orixe en España a comezos do século XVIII.
c. provocou a invasión das tropas francesas.
- 8** No século XIX, a clase alta estaba formada polos...
a. comerciantes e empresarios.
b. donos das fábricas, grandes comerciantes, banqueiros e aristócratas.
c. aristócratas e sindicatos.
- 9** Despois da abdicación de Amadeo de Savoia, en España proclamouse unha...
a. república. b. monarquía absoluta. c. monarquía liberal.
- 10** No século XIX xurdiu...
a. o Renacemento. b. a xeración do 27. c. o impresionismo.